



ACTA DA ASEMBLEA XERAL ORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO CELEBRADA EN VIGO, NA CASA DO DEPORTE, SEDE DAS FEDERACIÓNS DEPORTIVAS, O DÍA 23 DE MARZO 2019.

ASISTENTES

PRESIDENTE DA F.G.M.

Adolfo Puch Domínguez

Árbitros

Domínguez Iglesias, Manuel

Freixeiro López, Xose Lois

Leirós Gutiérrez, Raúl

Deportistas

Fernandez Rey, Fernando

López Pérez, Sechu

Merino Encinas, Jose Miguel

Outón Nieto, Pedro

Vázquez Fariña, Gustavo

CLUBES

Clube Aviva Sport Club

Clube Peña Trevinca Montañeiros de Galicia

Club Montaña Ferrol

Club Montaña Xistra

Club Montañeiros Celtas

Club Nosaqs Rutiñas

Clube Montaña Ribeira Sacra

PRESIDENTE / REPRESENTANTE

Roberto M.

José Manuel Requejo Gómez

Xan Ramírez

X. Henrique Freixeiro

Lourdes Castiñeiras

José Carlos Rodríguez

Xosé Antón Vázquez

XUNTA DIRECTIVA E PERSONAL TÉCNICO

Evaristo Fandiño Pérez

Tesoureiro

Manuel Domínguez Iglesias

Secretario Xeral e Vicepresidente

David Pérez Araujo

Vicepresidente

José Manuel Pérez Prego

Director Técnico da F.G.M.

Xosé Carlos Rodríguez Pérez

Vocal de Refuxios e Montañismo

- **Apertura da Asemblea.**

As 10:30 en segunda convocatoria, comeza a reunión dando o Presidente D. Adolfo Puch Domínguez a benvinda ós asistentes.

- **Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.**

Dado que a acta anterior foi remitida con anterioridade, se pregunta si se pasa a lectura da mesma e se procede a sometela a aprobación.

Corríxese no acta anterior, a presenza de Katia Sanz no estamento de Técnicos non debe figurar.

Inclúese no apartado de rogos e preguntas a consulta realizada polo Sr. Gustavo Vázquez sobre o procedemento a seguir para incorporar novos Clubs a Asemblea despois do proceso electoral.

Procédese a cambiar no punto de promoción de Orzamento 2019 promoción de Clubs, o primeiro nome do Sr. Freixeiro por Sr. Outón e o último Sr. Outón por Sr. Freixeiro.



Apróbase o acta coas anotacións descritas anteriormente 14 votos a favor, 1 abstención e 0 en contra, e de seguido procedese a desenrolar a orde do día.

- **Calendario 2018.**

Toma a palabra o Sr. Jose Manuel Pérez, comentando a asistencia as actividades federativas de deportistas e Clubs aportando un informe completo con todas as actividades e participación.

Aprecianse algunhas variacións nos datos aportados comparados cos obtidos por algúns Clubs, determínase que isto pode ser provocado pola falta dalgunha información que deba ser facilitada polos clubs organizadores de actividades a Federación para ser incluída neste informe que da pé ao baremo.

O Sr. Henrique Freixeiro comenta a intrusión da Federación de Atletismo nas carreiras por montaña e andainas, apreciándose a organización de este tipo de eventos por clubs ao amparo da federación de atletismo, comenta que para evitar males maiores se deba incluír nos estatutos da FGM a actividade de Andainas.

- **Cerre contas 2018.**

Ó comezo de este capítulo toma a palabra o Fandiño para explicar as contas do ano 2018 donde aparecen unhas perdas superiores a 38.393,83€.

Comenta a situación da tesoureiría a 31/12, aclarando que este saldo é debido ao retraso do cobro das licenzas federativas por motivo do longo proceso electoral.

Na lectura das contas aparecen diferencias de criterio a hora de contabilizar algunhas partidas aplicadas a EGAM, o Sr. Gustavo Vázquez solicita que estes criterios sexan aclarados e non queda conforme coa forma de contabilizar determinadas partidas. Queda pendente unha reunión para analizar os criterios utilizados a hora de contabilizar algúns gastos.

O Sr. Henrique Freixeiro comenta que na reunión da Comisión Delegada se tomaron decisións para mellorar a falta de información e o control orzamentario, así como unha serie de medidas correctoras. Comenta tamen diversos conceptos que considera erróneos ao analizar a situación da tesoureiría que pode dar unha visión optimista desta cando non e certo.

O Sr. Outón comenta os resultados dos exercicios anteriores así como as medidas correctoras adoptadas para paliar as perdas, considerando que despois de pasar por iso e unha magoa o déficit actual e se deben adoptar medidas urxentes e unha política de gasto restrictiva. Recorda que a xunta directiva foi dotada da potestad para establecer cuotas de Club para axudar na financiación da Federación así como cuotas de inscrición as actividades.

O Sr. Xán Ramírez indica que unha vez presentadas as contas se debe pechar o capítulo e adoptar as medidas correctoras necesarias.

O Sr. Fernando Rey suxire a necesidade de asinar cos clubs organizadores de actividades un contrato no que figure a dotación orzamentaria e non pagar mais importe pola organización que o que figure nese documento que debe coincidir co orzamento.

O Sr. Henrique Freixeiro comenta que os ingresos por Sendeiros que figuran nas contas non son máis que un espexismo e que non se corresponden coa realidade, eses ingresos son un adianto sobre a prestación de servizos ao longo de 6 anos que debe prestar a Federación.

Aprobanse as contas con 9 votos a favor, 2 en contra e 4 abstencións.

- **Orzamentos 2019**

Sobre os orzamentos presentados faise un intercambio de importes entre Centro de Tecnificación de Escalada e tecnificación de Alpinismo.

Preséntase o orzamento rectificado pola Comisión Delegada, aplicando criterios altamente restritivos segundo os criterios de aforro que se decidiron realizar.

Insistese na necesidade de adaptarse aos orzamentos en todas as partidas, en non pagar aos Clubs organizadores de actividades máis que os importes que figuran nestes.

Enviarase os orzamentos corrixidos aos assembleistas.

Os orzamentos son aprobados por 13 votos a favor, 0 en contra e 2 abstencións.

- **Organización Actividades 2019**



O Sr. Fernando Rey comenta a necesidade de modificar os convenio cos clubs organizadores, facendo constar nestes a asistencia dun mínimo de club e un mínimo de participantes.

O Sr. Xán Ramírez indica a conveniencia de continuar coas actividades denominadas clásicas.

Segundo o acordado en asemblea, presentarase a todos os clubs a posibilidade de organizar actividades do calendario.

O Sr. Xosé Carlos Pérez propón a creación de un único regulamento de andainas de 50km e reunirse cos organizadores para presentar un regulamento común co motivo de que é unha copa oficial e debe estar rexida por un regulamento igual para todas. Indica tamén que para o ano 2020 haberá tamén unha copa de 25km.

O calendario para o ano 2020 e aprobado por 15 votos a favor o en contra e 0 abstencións.

• **Baremo 2018**

O Sr. Adolfo Puch comenta o resultado do Baremo entregado aos asistentes e se nomea ao Club Montañeiros Celtas como mellor club de Galicia.

Non hai obxeccións por parte dos membro da asemblea.

Rogos e preguntas.

O Sr. Xán Ramírez suxire reclamar a FEDME o pago do gasto da aplicación de licenzas PLAY-OFF. Sobre o seguro de RC contratado pola FGM indica que a RC inclúe a todos os Clubs integrantes da FGM e incluso aos participantes nas actividades. Solicita revisar as coberturas da póliza para que sexan mais restritivas en canto os beneficiarios.

Dase por concluída a Asemblea Ordinaria as 13:30h

Adolfo Puch Domínguez
Presidente

Manuel Domínguez Iglesias
Secretario Xeral